



BOP

VENRES, 11 DE XANEIRO DE 2019

N.º 009

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2018, a corrección de erro na determinación das datas de cobramento en período voluntario do Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Quinto Bimestre do exercicio 2018, aprobado por Xunta de Goberno Local en data 5 de decembro de 2018, en aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 21 de decembro de 2018 ata o día 21 de febreiro de 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante o órgano competente, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela 29 de decembro de 2018.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 0048

FOZ

Anuncio

Faise público que por Resolución de Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2019 aprobáronse as seguintes rectificacións de erros detectados nas bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal en réxime de interinidade para as seguintes categorías de postos de traballo do Concello de Foz: 2 prazas de operarios de obras; 2 prazas de peóns; 1 praza de oficial de 1ª do servizo de limpeza e 2 prazas de limpador/a, aprobadas por Decreto de Alcaldía en data 21 de decembro de 2018 e publicadas no BOP número 295 do 27 de decembro de 2018:

No punto 3.2.-**Requisitos específicos para cada categoría**, das devanditas Bases:

Onde di:

Oficial de 1ª. Coordinador do servizo de limpeza:

-Carné de conducir tipo C1

Peón do servizo de basuras:

-Carné de conducir tipo C1

Debe dicir:

Oficial de 1ª. Coordinador do servizo de limpeza:**-Carné de conducir tipo C****Peón do servizo de basuras:****-Carné de conducir tipo C****Onde di:****Operario de obras:****-Celga 3****Debe dicir:****Operario de obras:****-Celga 2**

Polo que se abre un novo período de presentación de instancias de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no BOP.-

Foz, 8 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 0047

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de outubro de 2018, adoptou entre outros o acordo 9/601 **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTA DE ALCALDE DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A RESOLUCIÓN DE TÓDOLOS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DO ALUMEADO DE NADAL 2018 E CABALGATA DE REIS MAGOS 2019**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeralcoñecemento.

Lugo, 31 de outubro de 2018.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto.

R. 0038

Anuncio

Por Decreto do Libro Único de Resolucións número 18010010 asinado o día 27 de novembro pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico aprobouse, entre outros, a revisión de prezos para o ano 2019 das tarifas que rexerán nos tres aparcadoiros soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa asinado coa empresa "Interparking Hispania, S.A. segundo segue:

- | | |
|---------------------------------------|--------------------|
| • Os primeiros 92 minutos de estancia | 0,0304428 €/minuto |
| • Resto (a partir do minuto 93) | 0,0202954 €/minuto |

Estas tarifas redondearanse ós 5 céntimos de € á baixa, e a partir das 11 horas 55 minutos ata as 24 horas (día completo), o prezo será de 15,45 €.

Lugo a 27 de novembro de 2018.- P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA, Ana Prieto Nieto.

R. 0039

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

Por Xunta de Goberno Local do día 26.12.2018 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de decembro de 2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 21.01.2019 ata o 21.03.2019.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 3 de xaneiro de 2018.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0040

Anuncio

Por Xunta do Goberno Local do día 26.12.2018 aprobouse o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do sextobimestre do exercicio 2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 26.02.2019 ata o 26.04.2019.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 7 de xaneiro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0041

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 02.01.2019, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de decembro de 2018 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 241,90 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 290,38 €.

Por medio do presente expóñese público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 2 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0042

A PASTORIZA

Anuncio

Por Decreto da alcaldía de data 3 de xaneiro de 2019 aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 3º trimestre do exercicio 2018.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 11/01/2019 e o 11/03/2019 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 11/01/2019. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, a 3 de xaneiro de 2019.- O alcalde, Primitivo IglesiasSierra.

R. 0043

XERMADE

Anuncio

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por Decreto da Alcaldía núm. 607/2018 de data 21 de decembro de 2018 aprobouse o establecemento dos prezos públicos para as actividades incluídas nas escolas culturais 2018-2019, coseguinte detalle:

ACTIVIDADE	Prezo público
Manualidades (4 cursos)	5 euros/mes
Costura (1 curso)	5 euros/mes
Informática (1 curso)	5 euros/mes
Xabóns e cremas (3 cursos)	5 euros/mes

Xermade, a 2 de xaneiro de 2018.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0044

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA.
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Alicia Martínez Estévez, con N.I.F 34165105 P, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de servidumbre de cauces.

Las obras estarán situadas en la margen izquierda de un Arroyo Innominado, la parcela con referencia catastral 9234306PH3093S0001JQ, parroquia de Nocedo (San Lourenzo), T.M. de Quiroga (Lugo), y consistirán las mismas en la reconstrucción de un muro.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 3 de enero de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0045